

Programa de “Becas Pedro Pérez” para cursar estudios universitarios de medicina e veterinaria

A Fundación Pedro Pérez promove o programa “*Becas Pedro Pérez*”, convocatoria 2025

Artigo 1. Obxecto e beneficiarios

1 Convócanse as “Becas Pedro Pérez” para cursar estudos universitarios de medicina e veterinaria.

2 Para ser beneficiario destas becas será preciso:

- a) Estar empadroadado no Concello de Boqueixón cunha antigüidade mínima dun ano ao da solicitude da beca.

En igualdade de condicións, terán preferencia para obter esta beca os empadroados na parroquia de Ledesma e os que xa a obtivesen en cursos anteriores.

- b) Estar matriculado nalgunha das titulacións obxecto das becas: medicina e/ou veterinaria
- c) Non poderán ser beneficiarios de beca aqueles estudantes aos que só lles reste, para a obtención do título, a acreditación dun determinado nivel de coñecemento dun idioma estranxeiro.

3 Terán a consideración de beneficiarios das becas os estudantes aos que se lle outorguen.

Artigo 2. Financiamento da convocatoria.

1 O importe total das becas non pode exceder da cantidade de nove mil douscentos (9.200 €). No caso de que o importe das solicitudes superasen o orzamento habilitado, reducirase proporcionalmente o crédito asignado.

Artigo 3. Cursos académicos comprendidos.

1 As becas que se convocan abarcan axudas de 1.600 € para cada un dos cursos académicos seguintes:

- 2018-2019

- 2019-2020
- 2020-2021
- 2021-2022
- 2022-2023
- 2023-2024
- 2024-2025

2 As cantidades consignadas para cada un dos cursos para os que non se presenten solicitudes, acrecerán proporcionalmente o importe do consignado para o resto dos cursos.

Artigo 4. Clases e contías das becas

Para cursar os anos académicos enumerados no artigo anterior, as becas inclúen as seguintes contías fixas:

- a) Beca de matrícula
- b) Contía fixa ligada á renda do estudante
- c) Contía fixa ligada á excelencia no rendemento escolar

Artigo 5. Beca de matrícula

1 Poden ser beneficiarios de beca de matrícula os solicitantes que cursen os estudos comprendidos no obxecto da convocatoria.

2 A contía da beca de matrícula cubrirá o importe dos créditos de que se houbese matriculado o estudante por 1ª vez nos cursos establecidos no artigo 3, con exclusión dos que se formalicen para segunda e posteriores matrículas.

O importe será o prezo público oficial que se fixe en cada un dos cursos para os servizos académicos. Non formarán parte da beca de matrícula aqueles créditos que excedan do mínimo necesario para obter a titulación de que se trate.

No caso dos estudantes de universidades privadas e de centros docentes adscritos a universidades públicas e privadas que non apliquen os prezos públicos oficiais aprobados pola Comunidade autónoma respectiva, a contía da beca será igual ao prezo mínimo establecido pola Comunidade Autónoma na que o solicitante curse os seus estudos para un estudo da mesma experimentalidade nunha universidade pública desa mesma Comunidade autónoma.

3 Para adxudicar a beca de matrícula aplicarase o limiar establecido no artigo 8.

4 En ningún caso o importe que se outorgue pode superar o custe da matrícula no respectivo curso.

Artigo 6. Contía fixa ligada á renda do/a alumno/a

1 Poderán ser beneficiarios da contía mínima fixa ligada á renda do/a solicitante os que cursen en réxime presencial e de matrícula completa ou en réxime semipresencial e de matrícula completa os estudos obxecto de beca.

2 Para adxudicar esta contía aplicarase o disposto no artigo 9.

Artigo 7. Contía fixa ligada á excelencia académica

1 Poderán ser beneficiarios os que cursen en réxime de matrícula completa os estudos obxecto de beca.

2 Para a adxudicación desta contía requirirase que o solicitante acredite ter obtido unha nota media de 8,00 puntos ou superior no curso, probas de acceso ou estudos previos seguintes:

Estudantes de 1º curso: a cualificación de acceso á Universidade. Dita cualificación calcularase conforme á fórmula $0,6 \text{ NMB} + 0,4 \text{ PAU}$. Aos efectos desta convocatoria, a nota da PAU terá en conta as calificacións obtidas en dita proba nas materias comúns e específicas obrigatorias de modalidade de 2ª de bacharelato. No caso doutras vías de acceso á universidade, atenderase á nota obtida na proba ou ensinanza que permita o acceso á universidade.

Estudantes de 2º curso e posteriores: nota media obtida no curso anterior.

O cómputo da nota media realizarase incluíndo as calificacións correspondentes ás asignaturas ou créditos non superados, de habelos.

3 Para adxudicar a contía ligada á excelencia académica aplicarase o disposto no artigo 8

Artigo 8. Contía das becas

As contías das becas serán as seguintes:

- a) Beca de matrícula: comprenderá o prezo público oficial os servizos académicos universitarios correspondentes aos créditos en que se matriculase o estudante por 1ª vez.
- b) Contía fixa ligada á renda do solicitante durante o curso: entre 200 e 500 € coa seguinte distribución:

Integrantes da unidade familiar	Limiar	Contía
1	8.843 €	200 €
2	13.264 €	300 €

3	17.685 €	400 €
4 e máis	22.107 €	500 €

c) Contía fixa ligada á excelencia académica: entre 200 e 500 € coa seguinte distribución:

Nota media do/a estudante	Contía
Entre 8,00 e 8,49 puntos:	200 €
Entre 8,50 e 8,99 puntos:	300 €
Entre 9,00 e 9,45 puntos:	400 €
9,50 puntos ou máis:	500 €

Artigo 9. Determinación da renda computable

1 Para a concesión das becas seguirase o procedemento e aplicaranse os limiares de renda e patrimonio familiares que se fixan a continuación.

2 A renda familiar para os efectos de beca ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculados segundo de indica e de conformidade á normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable. A efectos das becas e axudas ao estudo computa o exercicio anterior ao ano do que se solicita a beca.

3 Para a determinación da renda dos integrantes computables que presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), terase en conta a cota resultante da autoliquidación

4 Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo Imposto sobre a renda das persoas físicas se terán en conta os pagos a conta efectuados.

Artigo 10. Membros computables.

1 Para o cálculo da renda e o patrimonio familiar a efectos de bolsa, son membros computables os pais e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, quen terá a consideración de sustentadores principais da familia. Tamén serán membros computables o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos, ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os menores en réxime de acollemento permanente ou de garda con fins de adopción e os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. Para ser considerado membro computable deberá constar a convivencia no domicilio familiar ao 31 de decembro de 2024.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, consideraranse membros computables e sustentadores principais o solicitante e o seu cónxuxe, a súa parella rexistrada ou non que se ache unida por análoga relación. Tamén serán membros computables os fillos menores de vinte e cinco anos, se os houber, e convivan no mesmo domicilio.

2 No caso de divorcio ou separación legal ou de feito dos pais non se considerará membro computable aquel de eles que non conviva co solicitante da bolsa.

Con todo, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe, parella, rexistrada ou non, ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares. Así mesmo, terá a consideración de membro computable a persoa con ingresos propios que, á referida data, conviva no domicilio co solicitante cando non medie relación de parentesco e non se poida xustificar un alugueiro de piso compartido.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante da bolsa, os seus fillos comúns e os ascendentes do pai e da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. Esta consideración manterase tamén no caso de que o solicitante alcanzase a maioría de idade, sempre que existan indicios de que subsiste a situación familiar preexistente.

3 Nos supostos nos que o solicitante da bolsa sexa un menor en situación de acollemento, aplicarase á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar, a estes de acollida e así se acredite debidamente.

4 Nos casos en que o solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar fidedignamente que conta con medios económicos propios suficientes que permitan dita independencia, así como a titularidade ou o alugueiro do seu domicilio habitual. En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo da renda e patrimonio familiar a efectos de bolsa, computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados 1 e 2 deste artigo.

Tratándose de estudantes independentes ou que formen parte de unidades familiares independentes, entenderase por domicilio familiar o que o alumno habita durante o curso escolar polo que non procederá a concesión da contía ligada á residencia, ao coincidir nestes casos a residencia do estudante durante o curso co seu domicilio familiar.

Artigo 11. Documentación a achegar.

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes (1 mes) que se contará a partires da publicación destas bases na páxina web do concello www.boqueixon.gal

Xunto co anexo I, os interesados terán que achegar:

- a) Certificado de atoparse empadroado no Concello de Boqueixón
- b) Copia do libro de familia
- c) Copia da declaración da renda das persoas físicas do ano anterior a aquel do que se solicita a beca, de toda a unidade familiar.
- d) Copia dos datos económicos que figuran na Axencia Estatal da Administración Tributaria do ano anterior a aquel do que se solicita a beca correspondentes aos membros computables que non presenten declaración da renda ou solicitude de devolución
- e) Xustificantes de ingresos das entidades pagadoras no caso de non estar obrigado a realiza-la declaración da renda do ano anterior a aquel do que se solicita a beca.
- f) Sentencia de separación de matrimonio, no seu caso.
- g) Para alumnos que inicien estudos universitarios:
 - expediente académico tido en conta para o acceso á Universidade.
- f) Para alumnos que continúen estudos universitarios:
 - Certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nas materias nas que estean matriculados no curso anterior

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO DA FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
Correo electrónico	NIF	TELEFONO
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
CODIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

LUGAR DE NACEMENTO	CONCELLO DE EMPADROAMENTO
XUSTIFICACIÓN DA SITUACIÓN PERSOAL, FAMILIAR E SOCIO ECONÓMICA. RELACIÓN DE DOCUMENTOS	

Boqueixón, na data da sinatura dixital

O presidente da Fundación Pedro Pérez Pérez, Ovidio Rodeiro Tato